



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Perciro, M^a Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES

Alonso, Bacigalupe, Luís
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luís
Gutiérrez Nieto, Manuel
Iglesias Antelo, Beatriz
López Díaz, María
Muñoz López, Luís
Noia Campos, M^a Camiño
Ortiz Torres, Luís
Pereira Domínguez, Alejandro
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
González Vázquez, Encarnación
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aída
Rodil Fernández, Olalla

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 5 de marzo de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O venres día **5 de marzo de 2010**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
4. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.
5. Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. Antonia Virginia Acuña Ferreira contra o acordo de Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2010, onde se aprobaron os premios extraordinarios de doutoramento do curso 2007-2008.
6. Eleccións a Reitor e Claustro Universitario. Interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos.
7. Eleccións a representantes nos Consellos de Departamento. Interpretación do artigo 45 dos Estatutos.
8. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de Máster Universitario para a súa implantación no curso 2010/2011.
9. Aprobación, se procede, das etapas e calendario para a aprobación de modificacións de planes de estudo de grao e posgrao.
10. Aprobación, se procede, das propostas de valores de ponderación das materias de bacharelato e ciclos formativos para o acceso á universidade.
11. Aprobación, se procede, do acordo marco de cooperación para o Sistema Universitario de Galicia.
12. Aprobación, se procede, da proposta como organismo colaborador a Asociación RSE GALICIA (Responsabilidade Social Empresarial).

13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o apoio ás actividades previstas no plano operativo 2010 en materia de software libre e de código de fontes abertas – Convenio de colaboración entre a Universidade Católica Portuguesa e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario Integración Rexional e Políticas Comunitarias – Acordo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para o reparto do Fondo de Apoio á Investigación do exercicio 2009 – Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVI), para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2009 do Programa Horizontal de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010) – Convenio de cooperación académica entre as universidades da Coruña e Vigo para a impartición do Máster titulado “Biotecnoloxía Avanzada” – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Burgos e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibersitatea para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais de posgrao do Máster Universitario en Enxeñaría Térmica e do Programa de Doutoramento “Enxeñaría Térmica”.

14. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2010.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Anuncia o reitor que no punto da sesión de hoxe correspondente ao “Informe do reitor” participarán diversos membros do Equipo de Goberno. Comezará a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, que fará un repaso do tratado no último “Consejo de Universidades”; seguirá o reitor con algúns temas do “Consello Galego de Universidades” celebrado o pasado venres e pechará este punto a xerente con información relativa á xestión do IVE.

1. En primeiro lugar, informa a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea das cuestións tratadas na última sesión do Consejo de Universidades.

- Presentación do “Borrador de anteproyecto da Ley de Ciencia, la Tecnología y la Innovación”. Informe do Consejo e outros Órganos Consultivos, debate en Consejo de Ministros e trámite parlamentario. Quérese aprobar en 2010.
- Hai progreso no borrador do “Estatuto do Estudiante”. Anúnciase a presentación dun texto consolidado para este mesmo mes de marzo.
- Hai acordo para a modificación do R.D. de acceso, con 2 puntos básicos de cambio: máximo de 4 materias para a fase específica e prazo de 10 días para a 2ª corrección.

- Preséntanse as liñas básicas da nova regulación do Doutoramento, anunciando un borrador para este mesmo mes de marzo. Será colgado na nosa web en canto o teñamos.
- Preséntanse as Bases reguladoras do Programa “Campus de Excelencia Internacional” na súa convocatoria 2010. A Orden Ministerial correspondente será publicada a finais de marzo e abrirá o prazo para a primeira fase do concurso, que ten natureza eliminatória.
- Infórmase sobre a proposta de modificación do R.D. 1393/2007, sobre ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais.
- E infórmase, por último, sobre o Proxecto de R.D. polo que se regula a Expedición de Títulos Universitarios Oficiais. Este R.D. é o que posibilitará no futuro a oferta de títulos compartidos entre universidades españolas e estranxeiras.

2. Polo que respecta ao Consello Galego de Universidades na sesión do pasado venres informa o reitor que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

a). En primeiro lugar, fíxose un repaso final da oferta de Títulos Oficiais de Grao e Posgrao do SUG, logo de concluída a última fase do proceso de reforma. O resultado final é o seguinte :

TÍTULOS DE GRAO: 120 en total (28 amortizados), 83 deles diferenciados, coa seguinte distribución:

- USC: 43
- UDC: 38
- UVIGO: 39

TÍTULOS DE POSGRAO : 335 en total, 185 Másters e 150 Doutoramento, 31 deles interuniversitarios (17 ámbito SUG e 14 fora), coa seguinte distribución:

- USC 141: 68 Másters e 73 Doutoramentos
- UDC 85: 47 Másters e 38 Doutoramentos
- UVIGO 109: 70 Másters e 39 Doutoramentos

b). E, en segundo lugar, a Consellería de Educación anunciou a convocatoria da Comisión de Financiamento do SUG para o próximo mércores, 10 de marzo, e polo tanto, o inicio das discusións en Galicia do novo Sistema de Financiamento Universitario, seguindo o ronsel do “Informe de Financiamento do Sistema Universitario Español”, recentemente aprobado polo “Consejo de Universidades”.

3. En terceiro lugar, informa do “Acordo de Bases” recentemente asinado coas Universidades de Santiago e A Coruña e as Consellerías de Educación e Sanidade para a docencia do Grao de Medicina en Galicia.

Como poden verificar os membros de Consello de Goberno, na Acta da anterior sesión deste órgano, no informe do reitor se deu conta do acordo acadado polos tres reitores das universidades galegas para definir fórmulas de colaboración na docencia, na investigación e no financiamento. Se dixo entón que este acordo sería concretado nun texto que se quería someter a informe e, no seu caso, aprobación deste Consello de Goberno. Este é precisamente o contido do punto 11 da orde do día da sesión de hoxe.

Pois ben, como un resultado adicional dese acordo xeral deben ser identificadas as “Bases para a Cooperación Universitaria na Docencia do Grao en Medicina no SUG” ás que antes se fixo referencia. Trátase dun acordo sobre principios básicos para ordenar a descentralización da docencia de 4º, 5º e 6º de Medicina, coa participación das tres universidades e dos hospitais da rede do SERGAS. Ademais, créase unha nova figura de profesorado, o chamado “Colaborador Docente en Ciencias da Saúde”, que debe ser persoal facultativo con praza nun hospital do SERGAS, con venia docendi para todo o SUG, con pertenza funcional á Facultade de Medicina da USC e adscrición orgánica á universidade de referencia xeográfica. Así mesmo, créase unha Comisión Mixta, integrada paritariamente polas universidades e as citadas consellerías, que será a encargada de programar as necesidades de cobertura de prazas, os convenios para promoción, a selección das comisións de avaliación e das comisións docentes de Grao de cada Hospital.

A partir destas bases, unha Comisión de Traballo, na que a UVigo está representada polos vicerreitores de Profesorado e do Campus de Ourense, ten o encargo de desenvolver a normativa necesaria e preparar o convenio pertinente para que este novo esquema de funcionamento sexa plenamente operativo para o curso 2010-2011.

4. Antes de cederlle a palabra á xerente, informa brevemente do progreso da proposta “Campus do Mar” que esta universidade está preparando para presentar á convocatoria do “Campus de Excelencia Internacional”.

O proxecto segue o camiño programado de agrupamento en diversas direccións:

a). A nivel interno, co traballo das diversas comisións que asumen os obxectivos de definición estratéxica, ordenación da información dispoñible, elaboración de cadros de indicadores, definición de liñas básicas, bases da estrutura institucional, etc.

b). A nivel externo, noutras dúas liñas de traballo:

1. Tratando de sumar o maior número posible de socios científicos. Neste momento xa podemos incluír como tais ás universidades de Santiago e A Coruña, ás universidades portuguesas de Miño, Porto e Aveiro, ao CSIC, ao IEO, ao Laboratorio Internacional de Toxinas, a CETMAR, ANFACO, GRADIANT, AIMEN, ENERGYLAB, e CETAG, entre outros centros con vocación de I+D.

2. E a última liña refírese á incorporación dentro da proposta dos diferentes sectores produtivos vinculados coas actividades mariñas, é dicir, ás asociacións de produtores, mariscadores, conxeladores, bacaladeiros, arrastreiros, bateeiros, altura e baixura, e todo tipo de empresas, desde as máis grandes, como Pescanova, hasta as máis pequenas, representadas polas Confrarías. E, por

descontado, o agrupamento inclúe tamén a todo o naval, comezando por ACLUNAGA – Clúster do Naval de Galicia, e ao sub-sector da Acuicultura, co Clúster da Acuicultura de Galicia e Aroa en primeiro termo.

Para pechar en redondo o proxecto falta o apoio da Xunta, concretado na cesión parcial dos terreos da ETEA. Como xa saben, levamos semanas insistindo nesta idea, porque entendemos que é a guinda do proxecto, o elemento que define a máxima implicación do goberno autónomo e a máxima forza e coherencia á hora da concorrência. Seguimos insistindo nesta dirección, tratando de navegar por augas que non oculta o reitor que son bastante procelosas. Fai uns días a Xunta prometeu unha decisión sen demora. Estaremos moi atentos ao que se decida e informaremos a este Consello de Goberno en tal sentido.

Por último, informa da publicación dos Estatutos da Universidade no DOG o día 2 de febreiro de 2010.

Seguidamente, cédelle o reitor a palabra á xerente quen informa dalgúns aspectos relacionados coa xestión do IVE nesta Universidade, de acordo co que figura no **anexo I**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Punto 3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesado que sinala que por parte da COAP, reunida en data 24/02/10, dáse o informe favorable as seguintes prazas:

Unha praza de Catedrático de Universidade na área de Física da Terra. O Profesor Titular de Universidade D. Gabriel Rosón Porto acadou a acreditación requirida e conta con tres sexenios polo que é aplicable o criterio B) de promoción a cátedra.

Tres prazas de Profesor Titular de Universidade pola acreditación de tres profesores Contratados Doutores:

- Area de Química Física. Profesor Contratado Doutor D. José Manuel Hermida Ramón.
- Area de Filoloxía Inglesa. Profesora Contratada Doutora Dna. Victoria Fernández Carballo Calero.
- Area de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación. Profesor Contratado Doutor D. Camilo Isaac Ocampo Gómez.

Apróbanse por asentimento.

Punto 4. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen expón que a COAP, na súa reunión do 24 de febreiro de 2010 eleva a este Consello de Goberno o informe favorable á estimación do recurso que todos vostedes teñen na documentación.

O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media da estudante supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados na materia nos derradeiros cinco cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. Antonia Virginia Acuña Ferreira contra o acordo de Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2010, onde se aprobaron os premios extraordinarios de doutoramento do curso 2007-2008.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de reposición presentado pola Sra. Acuña Ferreira contra o acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2010, onde se aprobaron os premios extraordinarios de doutoramento do curso 2007/08. Alega a recorrente que no ámbito humanístico, ao que ela pertence, podíanse conceder dous premios extraordinarios de doutoramento e o tribunal concedeu un só, á persoa clasificada en primeiro lugar, e sendo a recorrente a segunda clasificada con 70,2 puntos; polo contrario, nos restantes ámbitos os tribunais concederon todos os premios posibles, con excepción do xurídico social que esixía unha puntuación mínima de 60 puntos. Tendo en conta que nos restantes ámbitos, foron concedidos premios a persoas cunha puntuación inferior á súa, solicita que o tribunal revise a súa decisión e lle conceda o premio.

De acordo co informe da Asesoría Xurídica, se requiriu ao tribunal encargado de realizar a proposta dos premios para a revisión da concesión do premios. O tribunal na súa reunión do 22 de febreiro adxudica o segundo premio do ámbito humanístico á Sra. Acuña, en canto persoa clasificada en segundo lugar e tendo en contra que se podía outorgar dous premios no ámbito.

Polo tanto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación do recurso presentada pola Sra. Acuña e a concesión do premio extraordinario de doutoramento no ámbito humanístico.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Eleccións a Reitor e Claustro Universitario. Interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que onte na Comisión Electoral aprobáronse os calendarios para as eleccións a Reitor e a representantes de Claustro, así coma os procedementos electorais. Unha das primeiras actuación dentro do procedemento electoral é a publicación dos censos e para a elaboración deses censos é necesario interpretar os arts. 32 e 57 dos Estatutos da Universidade, que fan referencia aos catro sectores que teñen dereito a voto nestas eleccións: PDI-A, PDI-B, estudantes e PAS. Trátase de delimitar as figuras concretas que se inclúen en cada un destes sectores. A proposta que se presenta ante ese Consello de Goberno consta na documentación remitida a todos os membros deste consello e

é continuista coa interpretación feita fai catro anos nas anteriores eleccións a reitor e claustro universitario. A novidade mais salientable, derivada da modificación da LOU, é o cambio nos sectores A e B de PDI, motivado polo feito de que agora o Sector A está integrado polo profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade, cando antes era o profesorado funcionario doutor.

Ábrese unha quenda de intervencións:

O Prof. Muñoz sinala que falta a inclusión de determinado persoal, en concreto, os doutores contratados con cargo a proxectos de investigación, que entende deberían estar incluídos no censo.

O Prof. Ramos sinala que no art. 45, ao que se refire no punto seguinte da orde do día se inclúen os doutores contratados con cargo a proxectos de investigación en relación ás eleccións a Consellos de Departamento, en cambio, nas eleccións a reitor e a Claustro, non aparecen incluídos. En canto a estudantes non se inclúen aos alumnos de titulacións propias e considera que cando se trata de estudantes que están vinculados á Universidade durante un ano deberían estar incluídos.

A Prof^a. Suárez pregunta, que se entende por terceiro ciclo, pois considera que esa terminoloxía agora xa non debería empregarse en relación ás titulacións actuais coa estrutura de grao, máster e doutoramento.

A secretaria xeral contesta en relación á cuestión suscitada polos Profs. Muñoz e Ramos que a non inclusión dos contratados con cargo a proxectos de investigación ven motivada polo feito de que a súa contratación non é consecuencia da participación nunha convocatoria pública competitiva, como é o caso dos restantes contratados que veñen incluídos no apartado de “ restante profesorado docente e investigador ” do art. 32 dos Estatutos, e polo feito de que os contratados con cargo a proxectos de investigación non teñen capacidade docente. En cambio, nos Consellos de Departamento, enténdese que si deben ter representación a través do apartado e do art. 45 dos Estatutos, que supón un 2 % do Consello de Departamento. No que respecta aos estudantes, se inclúen unicamente no censo os que estean matriculados en titulacións oficiais da Universidade, tanto as que están en vías de extinción como as de grao e máster así como os alumnos matriculados en período de tese; deste xeito quedan excluídos os alumnos de titulacións non oficiais. Por último, en canto ás denominación de terceiro ciclo, o Decreto 1397/2007 volve a falar novamente de primeiro, segundo e terceiro ciclo. Nesta mesma liña incide a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea.

O Prof. Muñoz reitera a pregunta sobre a non inclusión do persoal doutor contratado con cargo proxectos de investigación.

Debátese sobre o tema entre os profesores Muñoz, o reitor, o vicerreitor de Profesorado e a secretaria xeral. Engádese por parte do vicerreitor de Profesorado que o persoal con cargo a proxectos de investigación non pode estar incluído no apartado b) do art. 32 de Estatutos en tanto non pode figurar no POD ao non ter capacidade docente.

Pregunta sobre os profesores de relixión o Prof. Barcia. Debátese sobre este aspecto con intervención dos vicerreitores de Formación e Innovación Educativa e de Profesorado.

O Sr. Fariñas fai referencia a aqueles membros da comunidade universitaria que poden estar en dous sectores e que, polo tanto, podería votar nos dous. A secretaria xeral contesta que ese persoal debe optar en que censo quere estar e si no o fai será a Comisión Electoral a que, de acordo coa normativa vixente, o inclúa nun dos sectores.

O prof. Vidal expón a posibilidade de que se abra un expediente disciplinario a ese persoal que quere votar por dous sectores.

Reitera o Prof. Ramos o tema da inclusión dos alumnos de titulacións propias vinculados á universidade por un tempo superior a un ano, abríndose un debate sobre o tema. Remata o debate coa intervención da vicerreitora de Estudantes que lee o borrador de Estatuto de Estudantes onde se vincula o concepto de estudante a matrícula de título oficial.

Procédese á votación do punto:

- Votos a favor da proposta presentada pola mesa: 29
- Votos a favor da proposta do Prof. Ramos, é dicir, inclusión de estudantes de titulacións propias con vinculación dun tempo superior a un ano: 5.
- Abstencións: 4

Apróbase por maioría.

Punto 7. Eleccións a representantes nos consellos de departamento. Interpretación do artigo 45 dos Estatutos.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que no mesmo sentido que no apartado anterior, a Comisión Electoral aprobou onte os calendarios e os procedementos para as eleccións de representantes nos consellos de departamentos. Tamén este caso, para a elaboración dos censos é necesario interpretar o art. 45 dos Estatutos onde se establece cal é a composición dos departamentos. Trátase aquí tamén de determinar que figuras se inclúen en cada un dos apartados dese artigo 45.

A proposta que se fai figura na documentación e as novidades que se inclúen fronte a situación anterior refírense á inclusión de novas figuras de profesorado como o profesor interino de substitución.

O Prof. Muñoz propón a incorporación de todos os doutores, incluíndo os contratados con cargo a proxectos de investigación, como membros natos.

Procédese á votación:

- Proposta da mesa:29

- Proposta do Prof. Muñoz que suporía a inclusión no apartado a) dos contratados con cargo de proxectos: 1
- Abstención: 9

Apróbase por maioría.

Punto 8. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de Máster Universitario para a súa implantación no curso 2010/2011.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o calendario que se recolle no **anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Pregunta a Prof^a. Noya se esta información se vai publicar. Ao que a vicerreitora resposta que se colgará na páxina da vicerreitoría.

Punto 9. Aprobación, se procede, das etapas e calendario para a aprobación de modificacións de planes de estudo de grao e posgrao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o calendario para as modificacións dos planos de estudo que se recolle no **anexo III**. Trátase, resume a vicerreitora, de establecer uns tempos axeitados para garantir que as modificacións de planes de estudo estean aprobadas antes do inicio do curso académico 2011-2012.

Á Prof^a. Suárez parécelle ben o calendario e a estrutura do mesmo pero considera que no punto dous debería poñer xunto coa Xunta de Centro a Xunta de Titulación.

Acéptase a proposta e se inclúen as dúas.

O Prof. Bacigalupe pregunta a partir de cando poden facerse modificacións, en concreto se poden facerse cando o plan de estudos se acaba de por en marcha.

A vicerreitora entende que un plano de estudos é algo vivo e que non existen datas, incluso se podería modificar antes da súa implantación.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, das propostas de valores de ponderación das materias de bacharelato e ciclos formativos para o acceso á universidade.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Relacións Institucionais quen sinala que como ben coñecen o Real decreto 1892/2008, de 14 de novembro regula as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

No dito real decreto se establece no artigo 14 sobre a "Nota de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao"

O parámetro de ponderación (a ou b) das materias da fase específica será igual a 0,1. As universidades poderán elevar o dito parámetro até 0,2 naquelas materias que consideren máis idóneas para, de acordo coa finalidade da proba á que se refire o artigo 5 do Real Decreto, seguir con éxito as ditas ensinanzas universitarias oficiais de Grao. As universidades deberán facer públicos os valores dos ditos parámetros para as materias seleccionadas ao comezo do curso correspondente á proba.

Para poder cumprir o establecido neste artigo desde a CIUG foron requiridas as ditas ponderacións as tres universidades galegas en decembro de 2009. Desde a Vicerreitoría de Relacións Institucionais contactamos con todos os centros para solicitar as ponderacións tanto nas materias de bacharelato como para os ciclos de Formación Profesional.

Agradece o vicerreitor a colaboración e dilixencia de todos os centros para remitirnos nos prazos que marcamos as ponderacións, que hoxe traemos para aprobación neste Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, do acordo marco de cooperación para o Sistema Universitario de Galicia.

Intervén o reitor quen expón o contido concreto do acordo marco que se recolle no **anexo IV**.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da proposta como organismo colaborador a Asociación RSE GALICIA (Responsabilidade Social Empresarial).

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen sinala que como se pode deducir da documentación que nos achegaron e que se incorporou a que recibiron os membros de Consello de Goberno, ten entre os seus obxectivos avaliar "o impacto da actividade empresarial sobre o medio ambiente, os dereitos laborais, a acción social, a transparencia, os dereitos humanos, a integración e a non discriminación".

Comprométenos a divulgar entre o tecido universitario e empresarial da nosa área de influencia a existencia da asociación e das súas actividades e invitásenos a colaborar na organización de obradoiros, conferencias, etc.

O papel da Universidade de Vigo sería o de asesorar. Dentro da súa estrutura organizativa, o lugar que nos asignan ás universidades é dentro do comité asesor. A participación non nos supón custo ningún.

Algunhas entidades galegas xa asociadas: cámaras de comercio (de Vigo, A Coruña e Ferrol), confederación de empresarios de Galicia, as outras dúas universidades galegas e algún sindicato.

A proposta de que a Universidade de Vigo se incorpore como organismo colaborador á Asociación RSE Galicia foi examinada pola asesoría xurídica, que non atopa ningún reparo.

Apróbese por asentemento.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o apoio ás actividades previstas no plano operativo 2010 en materia de software libre e de código de fontes abertas – Convenio de colaboración entre a Universidade Católica Portuguesa e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario Integración Rexional e Políticas Comunitarias – Acordo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para o reparto do Fondo de Apoio á Investigación do exercicio 2009 – Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVI), para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2009 do Programa Horizontal de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010) – Convenio de cooperación académica entre as universidades da Coruña e Vigo para a impartición do Máster titulado “Biotecnoloxía Avanzada” – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Burgos e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibersitatea para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais de posgrao do Máster Universitario en Enxeñaría Térmica e do Programa de Doutoramento “Enxeñaría Térmica”.

Intervén a secretaria xeral para sinalar que se ten entregado a todos os membros de Consello de Goberno ao inicio desta sesión unha nova versión do convenio de colaboración entre a Universidade Católica Portuguesa e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos do posgrao interuniversitario Integración Rexional e Políticas Comunitarias. Neste novo texto se modifican dúas Cláusulas para axustalas ao informe da ANECA sobre o Máster Universitario en Integración Rexional e Políticas Comunitarias.

Apróbese por asentemento.

Punto 14. Rogos e preguntas.

A Prof^a González pregunta a posición da vicerreitora sobre o máster de Turismo de Ourense.

A vicerreitora recorda que é un máster integrado nun programa de doutoramento como período de formación e polo tanto, como os restantes másteres integrados en programas de doutoramento teñen una bolsa de créditos de desgravación en POD e despois un orzamento concreto. Este é o marco de todos os programas de doutoramento de acordo coa normativa aprobada polo Consello de Goberno e o Claustro. Pero o coordinador do máster non está de acordo que se lle aplique esta normativa xeral senón que quere que se lle apliquen as disposicións dos másteres profesionalizantes non integrados en programas de doutoramento.

A Prof^a. González sinala que estivo desde o seu inicio no máster e naceu como profesionalizante e despois se acordou que tamén debía ser doutoramento. Pero se quere que se compatibilice. Pídelle que se lle busque unha solución.

A vicerreitora sinala que a futuro se buscarán modelos máis flexibles para os programas de doutoramento. O máster non está en risco porque este ano ten un orzamento importante da Xunta de Galicia e en menor medida da Universidade de Vigo. Ademais debe terse en conta que aínda que os profesores da UVigo non poden cobrar, si poden estar no POD do curso 2010-2011.

Debátese sobre o tema entre a vicerreitora e a Prof^a. González. Fálase do contrato programa do máster e o cambio de modelo de máster. Reitera a vicerreitora que se está traballando para buscar un modelo máis flexible pero para o ano que ven.

O reitor recorda que o obxectivo do doutoramento é buscar mención de calidade e a comisión académica debe buscar cal é a súa estratexia porque se entras a doutoramento tes que ir a mención de calidade para alcanzar os 80 créditos de profesorado desgravación.

O Sr. Mato en relación a este asunto concreto, sinala que este máster ten unha especificidade en canto é un máster interuniversitario e está sometido a unha serie de acordos. Coa adaptación á nova normativa se ve prexudicado no seu financiamento, solicita que se busque unha fórmula para que non se vexa prexudicado.

O reitor sinala que se está para axudar a todo o mundo pero este non é un problema do campus de Ourense, senón da tipoloxía do máster. Se o máster de turismo quedara como máster profesionalizante tería un contrato programa so de cartos, pero ao incorporarse aos programas de doutoramento, que por acordo de Claustro de 2008 teñen unha normativa específica, ten desgravación pero non cartos. Polo tanto foi un paso do propio máster. ¿será posible buscar outra solución?. Posiblemente, si. O que non é posible é deixar de aplicar as normas a un máster concreto. Haberá que buscar unha solución cara ó futuro.

O Prof. Pereira en relación á páxina web agradece que se tivera cambiado pero critica que non estea en inglés. Roga que se faga en inglés.

O vicerreitor de Relacións Institucionais agradece o rogo e sinala que a páxina xa está aberta e se están facendo moitas achegas por parte de toda a comunidade universitaria para a súa mellora, e cando estean todas as achegas recibidas se traducirá todo.

En canto á tradución da páxina web, o Prof. Alonso Bacigalupe, sinala que a tradución que eles viron non está ven. Debátese sobre o tema e conclúe co vicerreitor de Relacións Institucionais que se corraxirán todos os erros.

O Prof. Vidal pregunta pola forma de nomear aos profesores de relixión.

Debátese sobre o tema entre o vicerreitor de Profesorado, e a Prof^a. Blanco. Sinala o vicerreitor que nestes catro anos non se nomeou a ningún.

A Sr^a. Rodil sinala que hai queixas dos alumnos do máster de turismo porque non se lles recoñece un título no INEM.

A vicerreitora resposta que se trata dun máster oficial e ten que ser recoñecido, pero as veces como non teñen listados de títulos novos e non saben a que asimilalos, non o teñen en conta. Dende moitas instancias se lle pide esa información á vicerreitoría, e dende aquí se lles informa sobre a equivalencia do máster. Este é un tema xeral non só co máster de turismo cando vai a algunha instancia que non ten claro a qué título anterior se debe assimilar este título novo.

O Prof. Muñoz pregunta polo plan de acceso aos centros por medio de tarxetas.

Intervén o vicerreitor de Planificación no sentido de facerlle chegar á Unidade Técnica a pregunta e que se poña en contacto coa Facultade para ver a situación do acceso mediante tarxetas.

A prof^a. de Lorenzo pregunta como vai o calendario.

A Secretaria Xeral contesta que se ten remitido aos centros e aos representantes de estudantes no Consello de Goberno para que presenten alegacións e unha vez recibidas as mesmas, se traerá unha proposta de calendario na próxima reunión de Consello de Goberno.

Fala a Prof. Noia sobre a transformación da Diplomatura de ADE en Ourense en Grao e a desaparición do idioma de portugués e fai unha serie de suxestións en relación a este feito, tendo en conta que os portugueses son unha fonte importante de ingresos de turismo para Galicia.


O reitor sinala que esta alegación neste momento xa non procede pois o plano de estudos apróbase polo centro no seu momento, aínda que sempre se pode modificar o plano de estudos.

A Prof^a Suárez solicita que se remitan aos centros e departamentos orientacións sobre as materias dos cursos extinguidos; e pon como exemplo programa se ten que utilizar, ¿o último?, ¿quen é o profesorado responsable?.

O vicerreitor de Profesorado sinala que xa aparece no POD a docencia de materias extinguidas e os departamentos teñen que establecer cal é o profesor á que se asigna esa materia.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:05 horas do día 5 de marzo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M^a. González Pillado